Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 10 de abril de 2025

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **10 de abril de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de Argimiro Marnotes Fernández)
María Dolores Hermelo Piñeiro
María Magdalena Pérez Millares
Miguel Ángel Viso Diéguez
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
José Daniel Pérez López
(en substitución de Olalla Rodil Fernández)
María Montserrat Prado Cores
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Outros asistentes:
Gonzalo Trenor López (S)
Preguntante:
María Cristina Fernández Davila (BNG)

Comparecentes:
Directora xeral de Traballo e Economía Social
Xerente do Sergas
Directora xeral de persoas con Discapacidade

Letrada:
Purificación López Gómez

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións.

A presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e ocupa un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a Presidencia a vicepresidenta da Comisión. señora Vázquez Mourelle.

Punto 1. Comparecencia

1.1 20817 (12/CPC-000057)
Da directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, por petición propia, para dar conta da Estratexia galega de economía social: resultados do ano 2024 e Axenda 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f2, do 05.03.2025

A Presidencia, logo de darlle a benvida á directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, explica o desenvolvemento da comparecencia, que constará dunha primeira intervención da comparecente por un tempo de 20 minutos, indicativo, xa que a Xunta non ten límite de tempo; seguida dunha rolda dos representantes dos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos cada un, e a comparecente terá unha segunda quenda de 10 minutos recomendados para contestarlles. A continuación, os grupos parlamentarios disporán de 5 minutos cada un e pechará a comparecencia a directora xeral nun tempo indicativo de 5 minutos.

Xa que logo, concédelle ao palabra á **directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Marta Mariño Regueira,** que pasa a dar conta da Estratexia galega de economía social: resultados do ano 2024 e Axenda 2025.

Na rolda de grupos parlamentarios fan uso da palabra, tras a renuncia do señor Ojea Bouzo (M), a **señora Longueira Castro, Silvia (S), o señor Pérez López, Daniel (BNG) e a señora Pérez López, Noelia (P),** que formulan diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida.

A **directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño Regueira,** intervén de novo para contestar ás cuestións formuladas.

Na segunda rolda de grupos parlamentarios interveñen novamente a **señora Longueira Castro, Silvia (S), o señor Pérez López, Daniel (BNG) e a señora Pérez López, Noelia (P).**

PARLAMENTO DE GALICIA

Finalmente a **directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño Regueira**, pecha a comparecencia respondendo ás diferentes consideracións e agradecendo as achegas dos grupos parlamentarios.

A Presidencia agradece novamente a presenza e colaboración da señora Mariño Reguiera nesta sesión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Rematado o debate da comparecencia a señora Pérez López incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

Punto 2. Preguntas

2.1 20557 (12/POC-003731)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina
Sobre a situación da atención sanitaria nos puntos de atención continuada de Ponteareas e A Cañiza e nos centros de saúde da comarca do Condado-A Paradanta

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG),** que pasa a expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **xerente do Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal.**

Na rolda de réplica a **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada polo señor Parada Jorgal, sobre a que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **xerente do Sergas, José Ramón Parada Jorgal,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia pídelle á señora Fernández Davila que retire a expresión "sistema corrupto", empregado en varias ocasións ao longo da súa intervención, ao que a señora deputada responde que en ningún momento se refería ás persoas que traballan nos devanditos centros. Ante a insistencia da Presidencia na devandita retirada e a negación da deputada, retíraa a presidenta.

2.2 21267 (12/POC-003509)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a prestación do servizo de hospitalización a domicilio no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos e os problemas que sofre este centro hospitalario en canto á dotación de profesionais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 171f2, do 12.03.2025

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Suárez Fernández, Iago (BNG)**, que

PARLAMENTO DE GALICIA

comeza a súa intervención cuestionando as chamadas á orde ao seu grupo que considera un uso partidista e arbitrario, incidindo en que en moitas ocasións o seu grupo ten escoitado expresións complicadas e para as que ninguén pide rectificación. Deseguido pasa a explicar os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, facendo especial fincapé na pregunta número catro.

Para contestar a esta pregunta intervén, representación da Xunta de Galicia, o **xerente do Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal.**

Na rolda de réplica o **señor Suárez Fernández, Iago (BNG)**, amósase crítico coa intervención do señor Parada Jorgal e reitérase nas cuestións xa expostas, por considerar que non foron contestadas, sobre todo a número catro sobre a que xa amosara especial interese.

O **xerente do Sergas, José Ramón Parada Jorgal,** pecha o debate desta iniciativa rebatendo moitas das afirmacións realizadas polo señor deputado e ampliando a información sobre algunhas cuestións concretas.

A Presidencia agradece a presenza do señor Parada Jorgal nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

2.3 22083 (12/POC-003633)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 8 máis
Sobre o proxecto do que vai ser o primeiro centro galego de atención integral ás persoas con trastorno do espectro autista (TEA), que se construirá en Friol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 179f2, do 26.03.2025

Intervén a **señora Pérez Miralles, María Magdalena (P),** para expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Persoas con Discapacidade (Consellería de Política Social e Igualdade), Begoña Abeijón Fernández.**

En rolda de réplica a **señora Pérez Miralles, María Magdalena (P),** agradece a información aportada pola señora Abeijón Fernández, sobre a que expón novas consideracións.

A **directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón Fernández,** pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a presenza da señora Abeijón Fernández e a colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:25 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto primeiro da orde do día.)

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.05.13 11:01:16 +02'00'

V. e pr.

Noelia Pérez López

Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.05.13 10:22:59 +02'00'

Iria Carreira Pazos

Secretaria da Comisión